

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



MULLERES EN ACCIÓN

MAR CALDAS

100% CONTIGO

5/NOV/18

#violencia **Zero**

100 % contigo é un proxecto que visibiliza a contribución das mulleres do Rosal á súa comunidade.

No mes de xullo, durante a feira do viño e as festas parroquiais, instalei un estudo fotográfico na praza principal da vila. Neses contextos de festexo e conmemoración invitaba as mulleres a seren fotografadas individualmente ou en grupo, a modo de retrato de familia.

Co aderezo utilizado no retrato quería salientar o protagonismo social das mulleres e realzar a súa grandeza e dignidade: as cadeiras de brazos de madeira nobre e veludo vermello do salón de plenos do Concello alzaban as cidadás; enmarcábanas elegantes panos de fondo, tecidos de seda e brocados propios do traxe galego tradicional.

Despois de retratalas preguntáballes sobre os traballos desempeñados no presente e no pasado. Axiña se revelou a incidencia da emigración na comunidade de rosaleiras, especialmente a Suíza. Nas conversas suscitei a cuestión daqueles traballos que non se consideran como tales polo nulo recoñecemento social e pola falta de remuneración; traballos dos que se esquece a súa existencia porque se dan por sentado, traballos que nin teñen nome: os labores relacionados coa leira, co fogar e co coidado de membros da familia.

Así recollín case un centenar de facianas e relatos que conforman un retrato colectivo en feminino do Rosal. Un certo apunte antropolóxico xorde dun proxecto artístico no que utilicei recursos da fotografía popular (o estudo fotográfico ambulante e o dispositivo portátil) e da historia da pintura (a composición, a iluminación e a postura corporal).

Os retratos entrelázanse nunha proxección audiovisual, evocando os vínculos que se establecen entre as mulleres, os apoios que se prestan entre elas nas súas contribucións ao sustento familiar, facilitando, ou mesmo posibilitando, o desempeño fóra de casa de traballos que si son retribuídos.

A proxección acompáñase do recitado dos nomes das mulleres e dos traballos por elas exercidos. Esta recitación é feita por alumnas do Colexio Público Integrado do Rosal que así homenaxean as súas predecesoras, algunhas delas mesmo son fillas ou netas das mulleres retratadas, que tamén colaboran na acción.



MILAGROS

Arquitecta · Coida de dous fillos ·
Coida do avó, da bisavoa e do tío



CARMEN

Traballa nun restaurante · Coida de dous fillos ·
Emprego a Soria



MARÍA DOLORES

Traballa de limpadora no Concello · Coida de dous fillos



MARI CARMEN

Traballa no fogar · Coida de catro fillos · Emigrou a Suíza



MARINA

Traballa de colidura e muller conserveira ·
Coida de dous netos · Coida de dous fillos e dos sogros

100% CONTIGO

... salientar o protagonismo social das mulleres e realzar a súa grandeza e dignidade...



NOEMÍ E A SÚA FILLA SABELA

Noemí traballa de monitora nun taller ocupacional · Coidou da filla



FEDRA E A SÚA FILLA ISOLDA

Fedra traballa de monitora de arte · Coidou da filla